



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS QUE PARTICIPARÁN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE 5 PEONS/PEOAS FORESTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO, DA XUNTA DE GALICIA. (EXP. 2026/E001/000002)

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000387

### ANTECEDENTES:

O Departamento Territorial na Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, comunicou a este concello, con data do 21-04-2026, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 105.775,71 euros para a contratación laboral temporal de 6 persoas desempregadas, a tempo completo, por un período de 9 meses, cinco delas para a ocupación de peón/peoa forestal e unha para a de auxiliar administrativo/a, co obxecto de desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, empregando a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), ao abeiro da Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, publicada no DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026. A dita resolución fixa como data límite para formalizar as contratacións o día 1 de xullo de 2026.

Na data do 22-04-2026 dítase providencia de Alcaldía na que se dispón o inicio do expediente para a selección de cinco peóns/peoas forestais e un/unha auxiliar administrativa, realizando a selección na forma prevista no artigo 14 da Orde da convocatoria, do 22 de xaneiro de 2026, e a contratación segundo o establecido no seu artigo 15.

O 23-04-2026 o técnico de Medio Ambiente emite informe sobre a necesidade de proceder á dita contratación.

O 21-05-2026 o alcalde asina a proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, que establecen como sistema de selección o de oposición.

O 27-05-2026 a Intervención emite informe de fiscalización previa (REF: MGM.27.05.26.1)

Pola resolución de Alcaldía núm. 337/2026, do 27 de maio de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal, de cinco peóns/peoas forestais, e un/unha auxiliar administrativo/a para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso, ano 2026”, publicándose o anuncio no BOP núm. 102 do 2 de xuño de 2026 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Con data do 02-06-2026 este concello presentou oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Carballo para cubrir estes postos de traballo, tal e como reflicte o artigo 14.4 da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que regula a subvención.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

A Oficina de Emprego de Carballo remite o día 05-06-2026 unha listaxe de 10 persoas candidatas dispoñibles, que se axustan ao perfil profesional solicitado para o emprego de peón/peoa forestal, co número de oferta **12-2026-5320**, enviando 10 persoas máis o día 11-06-2026, sendo estas as seguintes:

APELIDOS	NOME
AMADO BOTANA	ESMERALDA
BOTANA CAMAFREITA	CARMEN
BOTANA BOTANA	MELINDA
COLLAZO ROMAR	MARIA TERESA
FERNANDEZ MIRA	MARIA ARGENTINA
FERREIRO GONZALEZ	JOSE LUIS
FUENTEFRIA GARCIA	JESUS
MANTEIGA CAMAFREITA	ASUNCION
MANTEIGA ESPASANDIN	NURIA
MHIMDATE	MOHAMED
PEREZ ALVARELLOS	FRANCISCO
PEÑA GARCIA	LUIS
REBORIDO MANTEIGA	PAMELA
REIGIA RAMA	MARIA JESÚS
RELLAN COUSILLAS	MARIA GUADALUPE
RODRIGUEZ FERNANDEZ	ALBERTO
TRIGO CAMBON	DIEGO
URES GARCIA	SANDRA MARIA
VENTURA VIDAL	ERNESTO
VIDAL RODRIGUEZ	MARIA YOLANDA

Realizadas as comunicacións, por correo electrónico e por teléfono, ás persoas candidatas preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Carballo e rematado o prazo de presentación de instancias, emítese pola Secretaría o día 17-06-2026 certificado das solicitudes presentadas, constando as seguintes:

Data de rexistro	Número de rexistro	Interesados	DNI
09-06-2026	202600000000608	PEREZ ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**
09-06-2026	202600000000609	COLLAZO ROMAR, M <sup>a</sup> TERESA	***1528**
09-06-2026	202600000000610	RELLAN COUSILLAS, MARIA GUADALUPE	***3459**
09-06-2026	202600000000611	FERNANDEZ MIRA, MARIA ARGENTINA	***6725**
09-06-2026	202600000000613	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**
09-06-2026	202600000000615	PEÑA GARCIA, LUIS	***4488**
09-06-2026	202600000000618	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**
10-06-2026	202600000000620	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Data de rexistro	Número de rexistro	Interesados	DNI
10-06-2026	202600000000627	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**
12-06-2026	202600000000644	REIGIA RAMA, MARIA JESÚS	***3116**
16-06-206	202600000000672	REBORIDO MANTEIGA, PAMELA	***2709**

Polo exposto, esta Alcaldía, de conformidade co establecido no art. 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

#### RESOLVO:

**Primeiro:** Aprobar, de acordo coa base 7ª da convocatoria, e ao non haber aspirantes excluídos, a **listaxe definitiva** de persoas admitidas que participarán no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de **5 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS**, para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso, ano 2026”, ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

#### Admitidos/as:

Nº	Interesados	DNI	CELGA
1	PEREZ ALVARELLOS, FRANCISCO	***6142**	NON
2	COLLAZO ROMAR, MARIA TERESA	***1528**	NON
3	RELLAN COUSILLAS, MARIA GUADALUPE	***3459**	NON
4	FERNANDEZ MIRA, MARIA ARGENTINA	***6725**	NON
5	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	SI
6	PEÑA GARCIA, LUIS	***4488**	NON
7	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	SI
8	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	SI
9	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	SI
10	REIGIA RAMA, MARIA JESÚS	***3116**	NON
11	REBORIDO MANTEIGA, PAMELA	***2709**	NON

\*Os candidatos que non acreditaron o coñecemento da lingua galega, deberán realizar a proba correspondente, consonte establece a base 10.1.2, a cal ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

#### Excluídos/as:

Ningún



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**Segundo:** Nomear aos membros do tribunal cualificador que xulgará o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases sétima e oitava, e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

#### **PRESIDENTE/A:**

- Titular: D<sup>o</sup>. Rubén Pérez Cotelo, persoal laboral fixo, coordinador do GES de Ponteceso
- Suplente: D<sup>a</sup>. Isabel Rejes Canoura, persoal laboral fixo, técnica de Emprego do Concello de Ponteceso

#### **SECRETARIO/A:**

- Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso
- Suplente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Blanco Verdía, persoal laboral fixo, educadora familiar do Concello de Ponteceso

#### **VOGAIS:**

##### **PRIMEIRO.**

- Titular: D<sup>o</sup>. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso
- Suplente: D<sup>o</sup> Juan José Pose Mouzo, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

##### **SEGUNDO.**

- Titular: M<sup>a</sup> Isabel Amado Rodríguez, persoal laboral fixo, persoal do GES de Ponteceso
- Suplente: Ernesto Fernando Calvo Pérez, persoal laboral fixo, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso

##### **TERCEIRO.**

- Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Fondo Balsas, funcionaria, policía local do Concello de Ponteceso
- Suplente: D<sup>o</sup> Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local do Concello de Ponteceso

A actuación do Tribunal deberá axustarse ás bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo, en todo o non previsto nestas normas.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nas bases e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal, no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**Terceiro:** Fixar a data de constitución do Tribunal para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos para a realización das probas correspondentes á fase de oposición, na data, lugar e hora seguintes:

**- VENRES, 19 de xuño de 2026:**

- Ás 08:30 horas: Constitución do Tribunal.
- Ás **09:00 horas**: Realización polos aspirantes do 1º exercicio (proba práctica) no Centro Cultural de Ponteceso (sito na avenida de Bergantiños, 65 A)
- Ás **12:00 horas**: Realización polos aspirantes do 2º exercicio (Proba de galego), no salón de Plenos da Casa do Concello.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) e na páxina web municipal, e notificar en legal forma aos membros do tribunal.

**Quinto:** Dar conta ao Pleno desta resolución na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado na data da sinatura electrónica polo alcalde, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

O secretario en acumulación

Francisco Javier Novoa Juiz